



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA PARA O MANTEMENTO DUN RECURSO DE ACOLLIDA EN OURENSE PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.**

### **MEMORIA EXPLICATIVA**

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, socio-laborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.





Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 (Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero) e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, (Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero), contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, entre as que se atopan varias dirixidas a garantir recursos habitacionais adecuados e suficientes para todas as mulleres que sofren violencia de xénero.

A Fundación de Solidaridad Amaranta ten como obxectivos, entre outros, os de contribuír ao pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres en todo o mundo especialmente promovendo o acceso aos mesmos daquelas en situacións de maior vulnerabilidade ou exclusión social, traballando a favor da incorporación social e laboral das mulleres que se atopan en contextos de prostitución, tráfico e trata para a súa explotación e outras situacións de exclusión e violencia de xénero.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dun centro de acollida de transición a vida autónoma para mulleres, acondicionado e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e comprende os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A Consellería de Emprego e Igualdade, de cara a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e ampliar o número de prazas de acollida dispoñibles en Galicia, fundamentalmente na provincia de Ourense estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Fundación de Solidaridad Amaranta, para o mantemento dun recurso de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero.

O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do dito recurso, comprometéndose a Fundación a manter o recurso en funcionamento e a prestarlle a estas mulleres vítimas de violencia de xénero un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

